

O alfabeto

Letras

GRAFÍA	NOME	PRONUNCIA	EXEMPLO
a	a	[a]	agora
b	be	[b]	biscoito
c	ce	[θ] (ou [s]), [k]	círculo
d	de	[d]	candea
e	e	[e], [ɛ]	dente
f	efe	[f]	rufo
g	gue	[g] (ou [h])	rego
h	hache	∅	hoxe
i	i	[i]	pinga
l	ele	[l]	lenzo
m	eme	[m]	nome
n	ene	[n]	formo
ñ	eñe	[ɲ]	poñer
o	o	[o], [ɔ]	ozono
p	pe	[p]	espeto
q	que	[k]	química
r	erre	[r], [ɾ]	raro
s	ese	[s]	pesar
t	te	[t]	custo
u	u	[u]	pa <u>u</u>
v	uve	[b]	verde
x	xe	[ʃ], [ks]	lonxe
z	zeta	[θ] (ou [s])	cazo

Dígrafos

GRAFÍA	NOME	PRONUNCIA	EXEMPLO
ch	ce hache	[tʃ]	ro <u>cha</u>
gu	gue u	[g] (ou [h])	er <u>guer</u>
ll	ele dobre	[ʎ]	ro <u>lla</u>
nh	ene hache	[ɲ]	du <u>ñha</u>
qu	que u	[k]	a <u>qu</u> elar
rr	erre dobre	[r]	car <u>re</u> ira

Vogais

GRAFÍA / NOME	SON	EXEMPLO
a	[a]	pa <u>no</u>
e	[e]	me <u>sa</u>
	[ɛ]	pe <u>r</u> na
i	[i]	ami <u>ga</u>
o	[o]	to <u>lo</u>
	[ɔ]	po <u>r</u> ta
u	[u]	lu <u>me</u>

Reglas de acentuación

PALABRAS AGUDAS	- Levan til cando rematan en vogal, en -n ou en -s: <i>abelá, patín, revés, galáns...</i> - Non levan til cando rematan en ditongo: <i>cantei, ademais...</i>
PALABRAS GRAVES	- Levan til cando rematan nunha consoante que non sexa -n, -s ou en -ns: <i>fácil, carácter, álbum...</i> - Levan til cando rematan en -ps: <i>bíceps...</i> - Os adverbios rematados en -mente nunca levan til: <i>habilmente...</i>
PALABRAS ESDRÚXULAS	Sempre levan til: <i>mágoa, lóstrego...</i>
PALABRAS MONOSÍLABAS	Non levan til, agás no caso do til diacrítico: <i>man, luns, pero pé...</i>
PALABRAS COMPOSTAS	- Se van unidas se guiñon, acentúanse conforme as regras xerais: <i>beirarrúa...</i> - Se van unidas con guiñon, acentúase cada palabra por separado: <i>hipotético-dedutivo...</i>

O til diacrítico

á - a (prep.) + a (art.); 'ala'	a - prep.; art.; pron.
ás - a (prep.) + as (art.); 'alas'	as - art.; pron.
bóla(s) - 'esfera'	bola(s) - peza de pan
cá - ca (conx. comp.) + a (art.)	ca (conx. comp.)
cás - ca (conx. comp.) + as (art.)	cas (prep.)
chá(s) - 'plana'	cha(s) - che (pron.) + a(s) (pron.)
có(s) - ca (conx. comp.) + o(s) (art.)	co - con (prep.) + o(s) (art.)
cómpre - 'é necesario'	compre - 'merque'
cómpren - 'son necesarios/as'	compren - 'merquen'
dá(s) - do verbo dar	da(s) - de (prep.) + a(s) (art.)
dó - 'compaixón'; 'nota musical'	do(s) - de (prep.) + o(s) (art.)
é - do verbo ser	e - conx.
fóra - adv.	fora - dos verbos <i>ser</i> e <i>ir</i>
maís - adv.	mais - conx.
nó - 'lazo'	no - en (prep.) + o (art.)
nós - pron. tónico; pl. de <i>nó</i>	nos - pron. átono; en (prep.) + os (art.)
ó(s) - a (prep.) + o(s) (art.)	o(s) - art.; pron.)
óso - do corpo	oso - animal
pé(s) - 'parte do corpo'	pe(s) - letra
póla - 'rama'	pola - 'galiña'; por (prep.) + a (art.)
pór - 'poñer'	por - prep.
présa(s) - 'apuro'	presa(s) - 'prendida'; 'presada'
sé(s) - 'sede eclesíastica'	se - conx.; pron.; imp. de <i>ser</i>
só(s) - adv.; adx.	so - prep.
té(s) - 'infusión'	te - pron.; letra
vén - pres. de <i>vir</i>	tes - pres. de <i>ter</i> ; plural da letra
vés - pres. de <i>vir</i>	ven - pres. de <i>ver</i> ; imperativo de <i>vir</i>
vós - pron. tónico	ves - pres. de <i>ver</i>
	vos - pron. átono

A diérese

- A diérese (¨) é un signo ortográfico que se pon enriba da vogal *u* nas sílabas *güe* e *gui* para indicar que o *u* se pronuncia.
- As sílabas *gua* e *guo* non precisan diérese.
- A diérese tamén se pon enriba da vogal *i* na primeira e segunda persoas de plural do copretérito dos verbos que rematan en *-aer*, *-oer*, *-uír* e en *saír* e *oír*.

A puntuación

O punto

O punto sinala a pequena pausa que se dá ao final dun enunciado. Por regra xeral, despois de punto escríbese maiúscula.

- O punto e seguido separa dentro do mesmo parágrafo enunciados que seguen tratando o tema anterior. Despois de punto e seguido escríbese na mesma liña.
- O punto e á parte separa parágrafos distintos que tratan temas diferenciados. Despois de punto e á parte escríbese nunha nova liña.
- O punto final é o que cerra un texto.

A coma

A coma indica unha pausa breve que se produce dentro do enunciado.

- Para separar elementos dunha enumeración, pero non antes das conxuncións *e*, *ou*, *nin*: *As mandarinas, as laxanxas, os limóns e os pomelos son froitos cítricos.*
- Para introducir unha aclaración: *O clima da zona, aínda que é caloroso, sopórtase ben.*
- Para illar un vocativo no enunciado: *Por favor, Xiana, achégame o sal.*
- Cando se inverte a orde dos elementos: *As cadeiras, colléronas e leváronas para a praza.*
- Antes das adversativas *pero*, *mais*, *senón*, *aínda que...*: *Sei a solución, pero non cha digo.*
- Non se usa coma entre o suxeito e o predicado. Non é correcto escribir: **O concerto, foi moi divertido.*

O punto e coma

O punto e coma indica unha pausa superior á sinalada pola coma e inferior á indicada polo punto. Úsase:

- Para separar os elementos dunha enumeración cando tamén se inclúen comas: *Rosa é a miña irmá; Anxo, o meu curmán; Ana, a miña tía, e Antón, o meu pai.* Cómpre reparar en que, neste caso, antes da conxunción *e* escríbese coma.
- Para separar enunciados que teñen relación entre si, sobre todo se xa se empregou coma: *Despois de cear, decidimos non ir ao cine; ía frío e estabamos moi ben na casa.*

Os dous puntos

- Para indicar unha pausa antes do que se vai dicir.
- Nas enumeracións.
- Nas aclaracións ou conclusións.
- No encabezamento de cartas.
- Para reproducir as palabras literais que dixo outra persoa

Os puntos suspensivos

Os puntos suspensivos úsanse para indicar a interrupción do discurso por algunha destas razóns:

- Para indicar que faltan elementos nunha enumeración.
- Para expresar estados de ánimo como medo, sorpresa ou dúbida.
- En palabras malsoantes, despois da primeira letra, para sobreentender o que se quere dicir.

As parénteses

As parénteses úsanse nos seguintes casos:

- Para illar enunciados que son unha aclaración do dito anteriormente: *Para concorrer á subvención ten que cumprir os requisitos esixidos (ser estudante e ter menos de 25 anos).*
- Para escribir logo dunha palabra a súa sigla ou, despois dunha sigla, o seu significado: *A Organización das Nacións Unidas (ONU) ten a súa sede en Nova York; A ONU (Organización das Nacións Unidas) ten a súa sede en Nova York.*
- Para indicar datas ou outra información complementaria: *Álvaro Cunqueiro dáse a coñecer como narrador con Merlín e familia (1955); Un terremoto en Bam (Irán).*

As comiñas

As comiñas dobres («») úsanse:

- Para marcar palabras textuais: *«O fútbol é así», manifestou o adestrador tras a derrota.*
- Para citar capítulos ou partes dunha obra (relatos, poemas, cancións...): *«O retrato» é un dos contos máis coñecidos de Castelao.*
- Para marcar palabras ou expresións que se empregan con ironía, con dobre sentido ou cun sentido distinto ao habitual: *Nada máis entrar, a persoa encargada de entrevistarme fíxome un «escaneado» de arriba a abaixo; É un «Bill Gates» da informática.*

As comiñas simples (') empréganse para expresar o significado dunha palabra: *Non é o mesmo oso 'animal' ca óso 'parte do corpo'.*

O apóstrofo

- O apóstrofo (') emprégase despois das preposicións *de* ou *en* cando se citan títulos de obras literarias, de cadros, de películas..., ou cabeceiras de xornais e revistas que empecezan por artigo: *Estou lendo o último capítulo d'O señor dos aneis; A noticia saíra n'A Nosa Terra.*
- Non se pode empregar apóstrofo con topónimos que levan artigo: **Nacín n'A Coruña débese escribir Nacín na Coruña.*

Uso das maiúsculas

- Ao comezo do escrito, despois de punto e seguido, punto e á parte e doutros signos (interrogación, admiración, puntos suspensivos) cando equivalen a punto.
- Nos nomes de pía, apelidos, alcumes e nos nomes de lugar: *O ilustrador Xosé Lois González, o Carrabouxo, naceu en Ourense.*
- En todos os substantivos e adxectivos dos nomes de institucións, organismos e empresas: *Instituto da Lingua Galega, Xunta de Galicia...*
- Na letra inicial dos títulos de obras literarias e artísticas: *Cantares galegos; As meninas...*
- Nas publicacións periódicas (xornais, revistas...) escríbense con maiúscula inicial todas as palabras: *De Luns a Venres, Tempos Novos, Faro de Vigo...*
- Nas siglas: *IVE, FIFA, UE...*
- Nos nomes de materias: *Matemáticas, Xeografía e Historia, Lingua Galega...*
- Nas formas abreviadas de tratamento: *Vde. (vostede), Sra. (señora), Dra. (doutora)...*

Uso das minúsculas

- Nos nomes de cargos, títulos e profesións: *a presidenta, a xuíza, o rei...*
- Nas formas de tratamento non abreviadas: *donña Clara.*
- Nas denominacións dos días da semana, dos meses e das estacións: *luns, outubro, verán...*
- Nos nomes dos puntos cardinais: *norte, sur, leste, oeste...*

Abreviaturas

- As abreviaturas son representacións reducidas de palabras ou enunciados.
- Deben recoller varias letras da palabra mellor que só a inicial: *séc.* mellor que *s.* (século). Sempre se deben ler na forma completa: *Vde.* debe lerse vostede.
 - Fórmase pola eliminación da parte final da palabra: *art.* (artigo), *cap.* (capítulo); ou contraendo varias letras da palabra, incluída a última: *avda.* (avenida).
 - Nalgúns casos fórmase só mediante a primeira letra da palabra: *D.* (don).
 - Escríbense sempre con punto final: *apdo.* (apartado), *aprox.* (aproximadamente). Nalgúns casos o punto final substitúese por unha raia: *r/* (rúa), *c/c* (conta corrente).
 - Xeralmente, conservan as maiúsculas, a marca de feminino e plural e os tiles: *d. de C.* (despois de Cristo), *Dras.* (doutoras), *admón.* (administración), *cía.* (compañía).

Siglas

- As siglas son formacións léxicas nas cales se empregan as iniciais de varias palabras para abreviar o enunciado. Por norma xeral escríbense en maiúscula e sen punto entre as letras.
- Fórmase coas iniciais dos substantivos, adxectivos e verbos da denominación: *UE* (Unión Europea).
 - Ao lelas, pódense silabear: *BOE* (Boletín Oficial do Estado), lido *boe*. Tamén se poden soletrar: *BOE*, lido *beoé*.
 - As siglas que rematan en *G*, abreviatura de Galicia ou galego/a, adóitanse ler como acrónimos: *TVG* (Televisión de Galicia) lese *teuvegá*; *DOG* (Diario Oficial de Galicia) lese *doga*.
 - Non admiten plural, polo que son incorrectas as formas **ONGs* ou **OONG* (organizacións non gobernamentais). O correcto é *as ONG*.

Símbolos

- Os símbolos son abreviacións de carácter universal que se usan na ciencia e na técnica. Están formados por unha ou máis letras que poden ter distinta orixe e non se escriben con punto.
- Existen símbolos para representar as unidades de peso e medida reguladas polo Sistema Internacional de Unidades: *m* (metro), *l* (litro), *kg* (quilogramo), *min* (minuto).
 - Tamén hai un símbolo para cada elemento químico: *Cl* (cloro), *Fe* (ferro).
 - Os puntos cardinais (norte, sur, leste e oeste) tamén contan con cadanseu símbolo: *N*, *S*, *L* ou *E*, *O* ou *W*.
 - Algunhas moedas, como o euro, o dólar ou a libra, contan cun símbolo que as representa: €, \$, £.

Acrónimos

- Os acrónimos están formados polas iniciais e outras letras de varias palabras.
- Os acrónimos toman máis letras ca as iniciais: *bit* (binary digit).
 - Escríbense en maiúscula ou coa inicial en maiúscula, segundo os casos: *Igape* (Instituto Galego de Promoción Económica).
 - Forman o plural como calquera outro nome: *bits, radares, moteis*.
 - Adoptan o xénero da primeira palabra que entra en formación: *a sida* (a Síndrome de Inmunodeficiencia Adquirida).

Formación do feminino

MASCULINO	FEMININO
Rematadas en -o ou en -e átonos	Substitúen a vogal final por -a: <i>fillo / filla, xefe / xefa...</i>
Rematadas en vogal tónica ou en consoante distinta de -n	Engaden un -a: <i>avó / avoa, nú / núa, autor / autora...</i>
Rematadas en -ón	Fan o feminino en -oa: <i>león / leoa, patrón / patroa</i> ou en -ona: <i>mangallón / mangallona...</i>
Rematadas en -án	Fan o feminino en -á: <i>fisterrán / fisterrá, capitán / capitá</i> ou en -ana: <i>folgazán / folgazana...</i>
Rematadas en -eu	Fan o feminino en -ía: <i>xudeu / xudía...</i>
Outros casos	- Cos morfemas -iña, -ina, -esa, -isa, -triz: <i>galo / galiña, heroe / heroína, actor / actriz...</i> - Distintas palabras para cada xénero: <i>boi / vaca, home / muller...</i> - As mesmas palabras para os dous xéneros: <i>o estudante / a estudante, o deportista / a deportista...</i>

Palabras de xénero feminino

- Substantivos rematados en -axe e -uxe: a paisaxe, a viaxe, a maquillaxe, a feluxe, a viruxe... Excepcións: o traxe, o paxe, o garaxe
- Substantivos rematados en -se, -te, -ite: a análise, a crise, a paréntese, a apendicite, a diábetes, a hepatite...
- Substantivos rematados en -tade, -dade: a liberdade, a propiedade, a bondade, a puberdade, a vontade, a facultade...
- Outros substantivos femininos: a orixe, a ponte, a dor, a calor, a arte, a árbore, a orde, a cor...

Palabras de xénero masculino

- Os nomes das letras do alfabeto: o erre, o hache, o que...
- Os substantivos rematados en -ume: o fume, o lume, o costume, o cume... Excepcións: a pesadume, a servidume.
- Outros substantivos masculinos: o couce, o fel, o leite, o nariz, o cárcere, o mel, o sangue, o diadema, o labor, o sal, o arame...

Formación do plural

Engádesse -s	- Se en singular as palabras rematan en vogal, ditongo, ou consoante que non sexa -r, -z, -s ou -ñ: <i>cadro / cadros, xersei / xerseis, bailarín / bailaríns, tic / tics...</i>
Engádesse -es	- Ás agudas que rematan en -s no singular: <i>compás / compases...</i> - Se rematan en -r en -z no singular: <i>xogador / xogadores, raíz / raíces...</i> - Se no singular rematan en -l e son monosílabos ou graves: <i>ril / riles, fácil / fáciles...</i>
Cámbiase o -l por -is	- Se no singular rematan en -l e son palabras polisílabas agudas: <i>canal / canais, mandil / mandís...</i>
Permanecen invariables	- As graves ou esdrúxulas rematadas en -s no singular e todas as rematadas en -x: <i>o lapis / os lapis, o mércores / os mércores, o fax / os fax...</i>

Adxectivo

Graos do adxectivo

GRAO POSITIVO	- Exprésase a calidade do substantivo sen comparala nin intensifícala: <i>Unha bicicleta lixeira</i>
GRAO COMPARATIVO	- As calidades indicadas polo adxectivo están en comparación con outros elementos: • Igualdade: <i>Unha bicicleta tan lixeira coma a túa</i> • Superioridade: <i>Unha bicicleta máis lixeira ca a túa</i> • Inferioridade: <i>Unha bicicleta menos lixeira ca a túa</i>
GRAO SUPERLATIVO	- O adxectivo expresa a calidade no seu grao máis elevado. • Superlativo absoluto (sen comparala con nada): <i>Unha bicicleta moi lixeira; Unha bicicleta lixeirísima</i> • Superlativo relativo: <i>Esta é a bicicleta máis lixeira do noso barrio</i>

Adxectivos con lexemas diferentes para o comparativo e para o superlativo

POSITIVO	COMPARATIVO	SUPERLATIVO
bo, boa	mellor	ótimo/-a
malo/-a	peor	pésimo/-a
grande	maior, meirande	máximo/-a
pequeno/-a	menor	mínimo/-a
alto/-a	superior	supremo/-a
baixo/-a	inferior	ínfimo/-a

Uso das conxuncións comparativas

IGUALDADE	coma: ante pronome persoal tónico. como: ante forma verbal conxugada. coma ou como: ante outros elementos.
SUPERIORIDADE E INFERIORIDADE	ca: ante pronome persoal tónico. do que: ante forma verbal conxugada. ca ou que: ante outros elementos.

APÉNDICE GRAMATICAL

O artigo

	SINGULAR		PLURAL	
	masc.	fem.	masc.	fem.
determinado	o	a	os	as
indeterminado	un	unha	uns	unhas

Contraccións da preposición e da conxunción ca co artigo determinado

	SINGULAR		PLURAL	
	o	a	os	as
a	ao (ó)	á	aos (ós)	ás
con	co	coa	cos	coas
de	do	da	dos	das
en	no	na	nos	nas
ca	ca o / có	ca a / cá	ca os / cós	ca as / cás

Contraccións da preposición co artigo indeterminado

prep.	art.	SINGULAR		PLURAL	
		un	unha	uns	unhas
con		cun	cunha	cuns	cunhas
de		dun	dunha	duns	dunhas
en		nun	nunha	nuns	nunhas

O demostrativo

	PROXIMIDADE		DISTANCIA MEDIA		AFASTAMENTO	
	masc.	fem.	masc.	fem.	masc.	fem.
singular	este	esta	ese	esa	aquel	aquela
plural	estes	estas	eses	esas	aqueles	aquelas

Contraccións da preposición co demostrativo

	PROXIMIDADE		DISTANCIA MEDIA		AFASTAMENTO	
	este, -s	esta, -s	ese, -s	esa, -s	aquel, -es	aquela, -s
de	deste, -s	desta, -s	dese, -s	desa, -s	daquel, -es	daquela, -s
en	neste, -s	nesta, -s	nese, -s	nesa, -s	naquel, -es	naquela, -s

Combinación do demostrativo co indefinido *outro*

	PROXIMIDADE		DISTANCIA MEDIA		AFASTAMENTO	
	masc.	fem.	masc.	fem.	masc.	fem.
sing.	estoutro	estoutra	esoutro	esoutra	aqueloutro	aqueloutra
pl.	estoutros	estoutras	esoutros	esoutras	aqueloutros	aqueloutras

O posesivo

		UN POSUÍDO (SINGULAR)		VARIOS POSUÍDOS (PLURAL)	
		masc.	fem.	masc.	fem.
1ª persoa	un posuidor	meu	miña	meus	miñas
	varios posuidores	noso	nosa	nosos	nosas
2ª persoa	un posuidor	teu	túa	teus	túas
	varios posuidores	voso	vosa	vosos	vosas
3ª persoa	un ou varios posuidores	seu	súa	seus	súas

Posesivo distributivo

	masculino	feminino
singular	cadanseu	cadansúa
plural	cadanseus	cadansúas

Posesivo de propiedade exclusiva

	un posuidor	varios posuidores
1ª	de meu	de noso
2ª	de teu	de voso
3ª	de seu	de seu

Indefinidos

Indefinidos variables

	SINGULAR		PLURAL	
	masc.	fem.	masc.	fem.
algún	algún	algunha	algúns	algunhas
ningún	ningún	ningunha	ningúns	ningunhas
pouco	pouco	pouca	poucos	poucas
abondo	abondo	abonda	abondos	abondas
moito	moito	moita	moitos	moitas
demasiado	demasiado	demasiada	demasiados	demasiadas
tanto	tanto	tanta	tantos	tantas
todo	todo	toda	todos	todas
outro	outro	outra	outros	outras
mesmo	mesmo	mesma	mesmos	mesmas
propio	propio	propia	propios	propias
certo	certo	certa	certos	certas
determinado	determinado	determinada	determinados	determinadas
-----	-----	-----	varios	varias
-----	-----	-----	ambos	ambas
-----	-----	-----	entrambos	entrambas
bastante	bastante	bastante	bastantes	bastantes
tal	tal	tal	tales	tales

Indefinidos invariables

algo	quenquera
alguén	máis
cada	menos
cadaquén	nada
calquera	ninguén

Contracciones de preposiciones con indefinidos

		SINGULAR		PLURAL	
		masc.	fem.	masc.	fem.
en	nun	nunha	nuns	nunhas	
	nalgún	nalgunha	nalgúns	nalgunhas	
	noutro	noutra	noutros	noutras	
de	dun	dunha	duns	dunhas	
	dalgún	dalgunha	dalgúns	dalgunhas	
	doutro	doutra	doutros	doutras	

Numerais

Numerais cardinais

0 cero	21 vinte e un / vinte e unha
1 un/unha	22 vinte e dous / vinte e dúas
2 dous/dúas	30 trinta
3 tres	31 trinta e un, trinta e unha
4 catro	40 corenta
5 cinco	50 cincuenta
6 seis	60 sesenta
7 sete	70 setenta
8 oito	80 oitenta
9 nove	90 noventa
10 dez	100 cen
11 once	101 cento un, cento unha
12 doce	200 douscentos / duascentas
13 trece	300 trescentos / trescentas
14 catorce	400 catrocentos / catrocentas
15 quince	500 cincocentos / cincocentas, quiñentos / -as
16 dezaseis	600 seiscientos / seiscentas
17 dezasete	700 setecentos / setecentas
18 dezaioito	800 oitocentos / oitocentas
19 dezanove	900 novecentos / novecentas
20 vinte	1000 mil
	1000000 millón
	1000000000000 billón
	1000000000000000000000000 trillón

Numerais ordinais

1º, 1ª primeiro, -a	17º, 17ª décimo sétimo, -a
2º, 2ª segundo, -a	18º, 18ª décimo oitavo, -a
3º, 3ª terceiro, -a	19º, 19ª décimo noveno, -a
4º, 4ª cuarto, -a	20º, 20ª vixésimo, -a
5º, 5ª quinto, -a	21º, 21ª vixésimo primeiro, -a
6º, 6ª sexto, -a	22º, 22ª vixésimo segundo, -a
7º, 7ª sétimo, -a	30º, 30ª trixésimo, -a
8º, 8ª oitavo, -a	40º, 40ª cuadraxésimo, -a
9º, 9ª noveno, -a	50º, 50ª quincuaxésimo, -a
10º, 10ª décimo, -a	60º, 60ª sesaxésimo, -a
11º, 11ª undécimo, -a / décimo primeiro, -a	70º, 70ª septuaxésimo, -a
12º, 12ª duodécimo, -a / décimo segundo, -a	80º, 80ª octoxésimo, -a
13º, 13ª décimo terceiro, -a	90º, 90ª nonaxésimo, -a
14º, 14ª décimo cuarto, -a	100º, 100ª centésimo, -a
15º, 15ª décimo quinto, -a	1000º, 1000ª milésimo, -a
16º, 16ª décimo sexto, -a	1000000º, 1000000ª millonésimo, -a

Numerais multiplicativos

(x2) dobre / duplo, -a	(x5) quíntuplo, -a
(x3) triplo, -a	(x6) séxtuplo, -a
(x4) cuádruplo, -a	(x10) décuplo, -a

Numerais partitivos

1/2 medio, -a	1/9 noveno, -a
1/3 terzo, -a	1/10 décimo, -a
1/4 cuarto, -a	1/11 onceavo, -a
1/5 quinto, -a	1/12 doceavo, -a
1/6 sexto, -a	1/100 centésimo, -a
1/7 sétimo, -a	1/1000 milésimo, -a
1/8 oitavo, -a	1/1000000 millonésimo, -a

APÉNDICE GRAMATICAL

Pronomes persoais

Serie tónica

		FORMAS RECTAS (SEN PREPOSICIÓN)	FORMAS OBLICUAS (CON PREPOSICIÓN)	
			libres	ligadas
SINGULAR	1ª	eu	min	comigo
	2ª	ti	ti	contigo
	Forma de cortesía	vostede		
	3ª	el, ela	si, el, ela	consigo
PLURAL	1ª	nós (nosoutros)	nós	connosco
	2ª	vós (vosoutros)	vós	convosco
	Forma de cortesía	vostedes		
	3ª	eles, elas	si, eles, elas	consigo

Contraccións

	DE	EN
el	del	nel
ela	dela	nela
eles	deles	neles
elas	delas	nelas

Serie átona

		NON REFLEXIVO		REFLEXIVO (CD)	
		Dativo (CI)	Acusativo (CD)		
singular	1ª	me			
	2ª	che	te		
	3ª	masc.	lle	o, lo, no	se
	fem.	a, la, na			
plural	1ª	nos			
	2ª	vos			
	3ª	masc.	lles	os, los, nos	se
	fem.	as, las, nas			

Concorrencia de pronomes átonos de complemento directo e de complemento indirecto

acus. dat.	o / lo	a / la	os / los	as / las
me	mo	ma	mos	mas
che	cho	cha	chos	chas
lle	llo	lla	llos	llas
nos	nolo	nola	noles	noles
vos	volos	vola	volos	volas
lles	llelo	llela	llelos	llelas

Colocación do pronome átono

– Por regra xeral, o pronome persoal aparece posposto e ligado ao verbo:
Chameinos en canto cheguei.

Casos en que o pronome átono se antepón ao verbo

- En enunciados negativos: *Non me deixou o móbil.*
- Cando o enunciado comeza por un adverbio ou pronome interrogativo ou exclamativo: *Quen che dixo iso?*
- Cando vai nunha cláusula subordinada: *Ben sei que vos contou esa historia.*
- Cando o enunciado comeza por determinados adverbios e indefinidos, como *xa, sempre, só, moito, todo, tanto, seica, algo, bastante, máis...*: *Tamén nos explicou en que consistía a proba.*
- Cos adverbios *logo* e *agora* o pronome antepónse cando teñen o significado de 'axiña' ou 'inmediatamente': *Sentade na mesa que logo / agora vos sirvo a comida*; posponse cando *logo* significa 'despois' e *agora* 'neste momento': *Agora tócame a ti e logo tócame a min.*

Pronomes relativos

o cal	que
a cal	quen
os cales	onde
as cales	cando
canto	como
canta	
cantos	
cantas	
cuxo	
cuxa	
cuxos	
cuxas	

Pronomes interrogativos e pronomes exclamativos

cal	que
cales	quen
canto	onde
canta	cando
cantos	como
cantas	

Preposicións

a	entre
agás	excepto
ante	fóra
após	malia
ata	mediante
até	menos
baixo	onda
bardante	para
cabo	perante
canda	por
cas	quitando
con	sacado
conforme	sacando
consonte	salvo
contra	segundo
de	sen
deica	senón
dende	so
desde	sobre
durante	tras
en	xunta

Locucións prepositivas

á beira de	atrás de	en troques de
a carón de	baixo de	en vez de
a causa de	bardante de	encima de
a diferenza de	beira de	encol de
a forza de	cabo de	enriba de
a par de	canto a	fóra de
á parte de	cara a	fronte a
a pesar de	cas de	lonxe de
a poder de	cerca de	no canto de
a prol de	co gallo de	pese a
a rente(s) de	con respecto a	por causa de
a respecto de	contra de	por cousa de
a través de	de par de	por culpa de
abaixo de	debaixo de	por medio de
acerca de	dentro de	por mor de
ademaís de	derredor de	preto de
alén de	derriba de	respecto a
amais de	despois de	respecto de
antes de	detrás de	riba de
ó par de	diante de	sobre de
ó pé de	en canto a	tocante a
ó redor de	en favor de	tras de
aquén de	en fronte de	verbo de
arredor de	en lugar de	xunto a
arriba de	en par de	xunto de

Conxuncións e locucións conxuntivas

Copulativas

e	nin	a mais
mais		e mais

Disxuntivas e distributivas

ou	nin...nin	volta...volta
(que)...que	ora...ora	xa... xa
ben...ben	ou...ou	
cal...cal	quer...quer	

Adversativas

mais	así a todo	ora ben
nembargante	así e todo	ora que
pero	bardante que	por iso
porén	con todo	quitado que
senón	e iso que (e eso que)	quitando que
	excepto que	sacado que
a menos que	fóra de que	sacando que
agás que	inda que	senón que
agora ben	menos que	só que
agora que	no entanto	
aínda que	non obstante	

Concesivas

así	inda que	por (+ adxectivo) que
	máis que	por máis que
a pesar de que	mal que	por moito que
a pouco que	mesmo que	por pouco que
aínda que	nin que	
ben que	pese a que	

Conacionais

cando	caso de que	quitando que
se	con que	quitando se
	con tal de que	sacado que
a menos que	con tal que	sacado se
a nada que	de non ser que	sacando que
a non ser que	de non ser se	sacando se
a non ser se	en caso de que	salvo que
a pouco que	excepto que	salvo se
agás que	excepto se	sempre que
agás se	quitado que	senón que
bardante que	quitado se	

APÉNDICE GRAMATICAL

Causais

como pois porque que	como queira que dado que pois que por causa de que por cousa de que	por culpa de que por mor de que posto que visto que xa que
-------------------------------	---	--

Consecutivas

conque daquela entón logo	así pois así que de aí que de forma que de maneira que de modo que	de xeito que polo tanto por conseguinte por tanto tan(to)... que xa que logo
------------------------------------	---	---

Finais

porque que	a fin de que a que	en favor de que para que
---------------	-----------------------	-----------------------------

Locativas

onde	onde queira que
------	-----------------

Temporais

apenas asemade cando entrementes mal mentres namentres	antes de que antes que ao que así que ata que até que axiña que cada vez que cando queira que decontado que deica que dende que des que	desde que deseguida que despois de que despois que en tanto entre tanto inda ben non logo que mentres tanto non ben sempre que tan pronto
--	---	--

Modais

como conforme consonte segundo	así como ben como de forma que sen que coma se de maneira que tal cal	como queira que de modo que tal como como se de xeito que tal e como mal como
---	---	---

Comparativas

ca	coma	como	que
----	------	------	-----

Completivas

que	se
-----	----